



## INGRESO MÍNIMO VITAL

Real Decreto-lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.

**Obxecto:** Prestación non contributiva da Seguridade Social de natureza económica que garante un nivel mínimo de renda a quen se atope en situación de vulnerabilidade.

### Requisitos:

- Ter entre 23 e 65 anos, ou 18 anos si hai menores a cargo.
- Cumprir un ano de residencia legal e efectiva en España de forma continuada.
- Antes da solicitude ter vivido independentemente durante 1 año no caso de familias e 3 años as persoas solas e, neste caso, haber cotizado á seguridade social 1 año. \*
- Haber solicitado previamente as prestacións as que se puidera ter dereito.
- Estar inscritas como demandantes de emprego.
- Non superar o nivel de ingresos e patrimonio.

\* Non será necesario para persoas vítimas de trata de seres humanos e de explotación sexual e mulleres vítimas de violencia de xénero.

**Vulnerabilidade económica:** apreciarase que concorre este requisito cando a media mensual do conxunto de ingresos e rendas anuais computables, da persoa beneficiaria individual ou do conxunto de membros da unidade de convivencia, correspondentes ao exercicio anterior sexa inferior, polo menos en 10 euros, á contía mensual da renda garantida con esta prestación e non dispoñer de patrimonio con valor superior as contías seguintes:

Patrimonio neto máximo €/año		Adultos		
		1	2	3
Menores	0	16.614 €	23.260 €	29.905 €
	1	23.260 €	29.905 €	36.551 €
	2	29.905 €	36.551 €	43.196 €
	3	36.551 €	43.196 €	43.196 €
	4	43.196 €	43.196 €	43.196 €

**Unidade de convivencia:** persoas que residen nun mesmo domicilio unidas por matrimonio, parellas de feito ou por vínculo ata o segundo grado de consanguinidade, afinidade, ou garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

**Contía:** será a diferenza entre os ingresos mensuais que teña a persoa ou unidade de convivencia e a renda garantida, sendo as contías máximas as seguintes:

- 462 euros ao mes para una persoa adulta que viva soa.
- Cando se trate de unha unidade de convivencia esta cantidade incrementarase en 139 euros ao mes por cada persoa adicional ata un máximo de 1.015 euros ao mes.
- Engadirase un complemento de 100€ as familias monomarentais ou monoparentais.

Renda garantizada €/mes		Adultos		
		1	2	3
Menores	0	462	600	738
	1	700	738	877
	2	838	877	1.015
	3	977	1.015	1.015
	4 o más	1.015	1.015	1.015



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA



**Outros beneficios:** estarán exentos da aportación da prestación farmacéutica ambulatoria. As persoas as que se lles recoñece o ingreso mínimo vital nos meses de xuño a decembro de 2020 estarán exentos do pago dos prezos públicos por servizos académicos universitarios si foi denegada a súa concesión de beca por superar os límites de renda e patrimonio durante o curso 2020/2021

**Prestación transitoria:** concederáse de oficio ás familias beneficiarias da prestación familiar por fillo menor a cargo sen discapacidade da seguridade social que reúnan os requisitos establecidos.

**Réxime excepcional por carencia de rendas:** poderán presentar a solicitude as persoas que non perciben prestacións ou subsidios de desemprego, e aos exclusivos efectos do cómputo de rendas, en aqueles supostos de vulnerabilidade económica producida durante o ano 2020 considerarase a parte proporcional dos ingresos recibidos durante os meses transcorridos, sempre e cando no exercicio anterior non superen o 50% do límite establecido para a unidade de convivencia.

**Solicitude e documentación:** realizarase no modelo normalizado acompañada da documentación necesaria para xustificar o cumprimento dos requisitos, preferiblemente polos canais telemáticos (sede electrónica da Seguridade Social, na que haberá un asistente virtual e un simulador).

- Para acreditar a identidade: DNI, libro de familia ou certificado de nacemento, pasaporte...
- Para acreditar a residencia legal en España: inscrición no rexistro central de estranxeiros, tarxeta de cidadán de Unión Europea ou autorización de residencia.
- Para acreditar o domicilio en España: volante de empadramento.
- Para acreditar a existencia da unidade de convivencia: volante de empadramento colectivo, libro de familia, certificado do rexistro civil ou inscrición en el rexistro de parellas de feito.

**Prazo e efectos económicos:** poderase solicitar desde o 15 de xuño e si se pide antes do 15 de setembro terá carácter retroactivo desde o 1 de xuño. Si se presenta con posterioridade ao 15 de setembro os efectos económicos fixaranse o día primeiro do mes seguinte á presentación da solicitude.

**Mais información** na Seguridade social: [www.seg-social.es](http://www.seg-social.es) teléfono gratuito 900202222